



Asociación Galega para a Axuda  
dos Enfermos con Demencia tipo  
Alzheimer

Rúa dos Salgueiriños de Abaixo, nº 15  
Cancelas—Mallou  
15704 Santiago de Compostela

Tfno./Fax: 981 59 57 38  
agadea@agadea.org  
www.agadea.org



AGADEA  
ALZHEIMER



*Rúa dos Salgueiriños de Abaixo, 15 - 15704 Santiago de Compostela*

*agadea@agadea.org Telf.: 981 59 57 38*

AGADEA é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída en 1994 por un grupo de familiares de enfermos de Alzheimer para buscar xuntos respostas, compromisos, apíos e recursos necesarios para coidar mellor e con menos dificultades aos seus enfermos.

A enfermidade de Alzheimer é un tipo de lesión cerebral orgánica frecuente a partir dos 65 anos, pero que tamén pode producirse antes desa idade. A enfermidade caracteriza por unha perda progresiva das funcións cognitivas (memoria, linguaxe, atención, orientación,...) e cambios na personalidade e na conducta, orixinando unha importante carga de cuidados.

### OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA.

O día 15 de marzo de 2005 puxemos en marcha os **obradoiros de estimulación cognitiva** para enfermos de Alzheimer e outras demencias que Agadea vén desenvolvendo dende entón no Centro Terapéutico de Fontiñas e no Centro Sociocultural de Vite.

Os obradoiros realízanse en **grupos pequenos**, de entre 7 e 10 enfermos, dirixidos por unha psicóloga e apoiados por un equipo multidisciplinar (educadora social, terapeuta ocupacional, traballadora social e tres xerocultoras), e a participación de voluntarias e voluntarios que fan o trato máis directo.

Por estimulación cognitiva enténdese o conxunto de intervencións dirixidas a **manter e mellorar as habilidades** cognitivas, funcionais, de conducta e afectividade dos enfermos, a través de exercicios dirixidos ás súas **capacidades intelectuais, motoras e sensoriais**. Así, nos obradoiros realizamos **actividades grupais de orientación persoal, espacial e temporal** (buscar o seu nome nas cadeiras da sala, repasar a composición do grupo, que día é hoxe, en que estación e en que mes estamos, cal é o clima hoxe, etc.); **lectura da prensa do día**; **exercicios de estimulación da atención e da memoria** (traballo con refráns, recoñecemento de obxectos en tarxetas, denominación de obxectos, cores, etc.); **psicomotricidade** (exercicios de lateralidade esquerda-dereita, xestualidade, exercicios articulatorios); **musicoterapia**; **baile e xogos grupais**; e **terapia individual** (exercicios de cálculo, punteado, quebracabezas, etc.). Ademais, durante os obradoiros ofrecemos unha merenda para os asistentes, tempo que tamén aproveitamos para reforzar os vínculos sociais.



Existe constancia a través de distintos estudos da **efectividade** da estimulación cognitiva no mantemento das capacidades dos enfermos e así consta nas diferentes guías de actuación e acordos das sociedades científicas relacionadas coas demencias.

## **.RESUMO DE PROGRAMAS DE AGADEA**

<b>Programa de Acolida, Apoio Psicosocial e orientación sobre axudas</b>	Apoio a familiares por parte do noso equipo técnico (psicólogos, traballadora social, enfermeira), nas oficinas da asociación
<b>Obradoiros de Estimulación Cognitiva para enfermos en fase leve</b>	Actividades grupais e individuais, dirixidas por unha psicóloga, destinadas a manter as capacidades. Desenvólvense no Centro Sociocultural de Vite.
<b>Obradoiros de Estimulación Cognitiva para enfermos en fase moderada</b>	
<b>Grupos de Axuda Mútua</b>	Grupos de coidores, coordinados por unha psicóloga, co obxectivo de fomentar o apoio social e emocional.
<b>Programa de Voluntariado</b>	Parellas de voluntarios, formados e coordinados polo psicólogo da asociación, acoden ós domicilios para acompañamento. Tamén colaboran nos obradoiros de estimulación cognitiva
<b>Programa de Formación</b>	Cursos periódicos gratuitos, dirixidos a coidadores, voluntarios e á poboación xeral. Charlas informativas e de difusión.
<b>Fisioterapia a domicilio</b>	Convenio cun profesional da fisioterapia con ampla experiencia no traballo con persoas maiores e coidadores.
<b>Apoio Legal</b>	Consultas de contido legal, cunha avogada en convenio coa asociación.